



CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO DO 22 DE FEBREIRO DE 2018

De acordo co disposto no artigo 46.2.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o artigo 210.2.a da Lei 5/1997, de 22 de xullo, do Réxime Local de Galicia, por medio da presente convócaselle á sesión que con carácter ordinario celebrará o Pleno da Corporación o vindeiro día **22 de febreiro de 2018 (xoves) ás 20:30 horas** no **Salón de Sesións** desta Casa Consistorial.

En cumprimento do disposto no artigo 84 do Real Decreto 25/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais a partires do día da data ten vostede a súa disposición todos os asuntos relacionados coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación Actas dos plenos ordinario do 30 de novembro e extraordinario e urxente do 18 de decembro de 2017.
2. Aprobación de prezo público pola asistencia a cursos de monitor de tempo libre.
3. Aprobación inicial da Ordenanza sobre a protección, a tenza e a venda de animais no Concello da Pobra do Caramiñal.
4. Proposta da Alcaldía para a adhesión ao Acordo Marco para o subministro de electricidade en alta e baixa tensión da central de contratación da Femp.
5. Proposta da concellería de educación, cultura, deportes, medio ambiente e servizos municipais para impulsar políticas de benestar animal e convivencia.
6. Moción do grupo municipal do BNG contra a subida de peaxes na AP-9.
7. Moción do grupo municipal do PP relativa o roubo en dependencias municipais por parte da persoa acollida na antiga escola unitaria do Camiño Ancho.
8. Moción do grupo municipal do PP en defensa da prisión permanente revisable.
9. Moción do grupo municipal do BNG relativa a transmitir o apoio á folga mundial de reivindicación feminista do 8 de marzo.
10. Moción do grupo municipal do PSOE para dar solución os problemas que teñen os veciños do Edf. Manuel Escurís.
11. Moción do grupo municipal do PSOE relativa a corrixir a contaminación acústica.
12. Moción do grupo municipal do PSOE solicitando a bonificación no Imposto de circulación para vehículos híbridos e eléctricos.
13. Moción do grupo municipal do BNG a respecto do acondicionamento da contorna da antiga Escola Unitaria da Ponte Barbanza.
14. Moción do grupo municipal do PP relativa a perda do novo centro de saúde.
15. Moción do grupo municipal do PP relativa os ruídos nocturnos que non permiten o descanso dos veciños.
16. Moción do grupo municipal do PP en relación o 8 de Marzo, Día Internacional da





Muller.

17. Moción do grupo municipal do BNG relativa ao respecto ao noso topónimo oficial en internet.

PARTE II:- CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

1. Decretos da Alcaldía.
2. Dación de conta dos informes de reparo da intervención do ano 2017.
2. Informes da Alcaldía.
3. Mocións de Urgencia.
4. Rogos e preguntas.

A Pobra do Caramiñal, á data da sinatura dixital,
O Alcalde,

NOTA: A documentación pormenorizada referida aos expedientes mencionados na Orde do Día están a disposición dos voceiros dos grupos políticos, no programa tramitador de expedientes “Gestiona”, Expediente nº 567/2018 e relacionados.

